

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Ordenanza reguladora do mercado de horta de Bergondo

ANUNCIO

O Concello de Bergondo publica, en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o texto íntegro da ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO DE HORTA DE BERGONDO. Dita ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno municipal en sesión do día 27 de xuño de 2013, e expúxose ó público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 128, do 8 de xullo de 2013. Dado que non se produciu ningunha reclamación, alegación ou suxestión, enténdese aprobado definitivamente. O texto é o seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO DE HORTA DE BERGONDO

Artigo 1.-OBXECTO.

A presente ordenanza ten por obxecto regular a organización e celebración do mercado de horta do termo municipal de Bergondo e apróbase de conformidade con disposto nos artigos 25.2 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 1.2.º do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista, a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

Así mesmo, tivéronse en conta os principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 2.-LUGAR, PERIODICIDADE E HORARIO.

O Concello de Bergondo organiza a celebración dun mercado de horta consistente na reunión de expositores-vendedores interesados en ofrecer ó público os produtos da horta da comarca de Bergondo.

O mercado desenvolverase na praza municipal de Guísamo cunha periodicidade semanal, en horario de mañá, entre as 9.30 e as 14.30 horas. Con carácter excepcional e de forma motivada poderase autorizar a súa celebración noutras datas e emprazamentos do Concello.

As instalacións empregadas serán desmontables ou transportables sen que se autoricen a utilización de camións-tenda.

As funcións de organización, intervención e inspección do mercado de horta de Bergondo correspóndelle ó alcalde-presidente ou ó concelleiro no que delegue. Igualmente as funcións de inspección e intervención serán realizadas pola Policía Local ou polos traballadores do Concello designados a tal efecto.

Artigo 3.-MERCADORÍAS AUTORIZADAS.

As mercancías obxecto de venda que se autorizan serán: verduras, legumes, froita, sementes, ovos, mel, queixo, flor e produtos elaborados caseiros dos anteriores, debendo cumprirse as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a Lexislación sectorial sobre a materia para cada tipo de produto.

Non se autorizan os produtos procedentes de adquisicións a maioristas.

Todos os vendedores deberán de contar coa licenza de manipulador de alimentos e a correspondente autorización municipal.

Artigo 4.-POSTOS DE VENDA.

O Concello establecerá a forma de asignación de cada posto mediante sorteo público entre todos aqueles interesados que teñan presentado a súa solicitude dentro do prazo outorgado ao efecto. De conformidade co resultado do sorteo públi-

co o Concello de Bergondo outorgará autorización para a venda en cada un dos postos tendo tal autorización unha vixencia de dous anos, a contar a partir da data de realización do sorteo público.

Os postos de venda colocaranse na forma establecida no plano adxunto como ANEXO I coas distancias, separacións e pasos establecidos para favorecer a circulación do público e as operacións de montaxe, carga e descarga, que terán lugar entre as 9 e as 9.30 e as 14.00 e as 14.30 horas, quedando completamente instalados os expositores ás 9.30 e baleira a praza ás 14.30 horas. O Concello de Bergondo resérvase a facultade de variar a distribución dos postos por razóns de interese público debidamente xustificadas, sen que tales variacións poidan dar lugar a indemnización algunha para os titulares das autorizacións de venda.

As dimensións dos postos desmontables, que serán facilitados polo Concello, non excederán en ningún caso de catro metros de fronte e dous metros de fondo.

Os vendedores deberán de portar o mandil e guantes facilitados polo Concello, e encargarse do coidado, hixiene e decoro deste material.

O lugar de celebración quedará en perfectas condicións de limpeza e orde, sendo responsabilidade de cada vendedor a recollida do seu lixo.

Artigo 5.-REQUISITOS.

Para a participación no mercado de horta esixírase o cumprimento dos seguintes requisitos:

I.-Ter solicitado a participación no sorteo de asignación de postos e asinado o compromiso de asistir ó mercado durante UN ANO prorrogable ata os dous anos da autorización municipal de conformidade co modelo que se establece como ANEXO II da presente ordenanza.

II.-Estar cando proceda, dado ou dada de alta no réxime correspondente de Seguridade Social, e no seu caso, no Imposto de Actividades Económicas se realizan esta actividade de forma habitual e non esporádica.

III.-Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.

IV.-Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de Manipulación de Alimentos.

V.-Ter asinado o compromiso de mantemento nas debidas condicións de uso do material e do posto que se lle entregue polo Concello, así como ingresada a Fianza de 30 euros para responder dos desperfectos que puidera sufrir o citado material.

VI.-Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si se tratase de persoas estranxeiras.

VII.-As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

VIII.-Dispor de seguro de responsabilidade civil.

Artigo 6.-CARACTERÍSTICAS DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

O exercicio da venda no mercado de horta requirirá a previa autorización municipal para cada emprazamento concreto e terá as seguintes características:

a) A súa concesión está supeditada ao interese xeral, previo sorteo dos postos que se celebrará de forma bianual.

b) Pode ser revogada unilateralmente por incumprimento das condicións do seu outorgamento ou da normativa vixente, sen que tal revogación poida dar en ningún caso dereito a indemnización algunha.

c) Terá unha duración máxima de dous anos,

d) É persoal e será transmisible previa comunicación ao Concello. O novo titular terá que reunir os requisitos esixidos nesta ordenanza para o exercicio da actividade, quedando subrogado nos dereitos e obrigacións que corresponderían ao titular cedente. A transmisión dunha autorización non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración, sen que en ningún caso poida ser obxecto de venda.

e) Os titulares da autorización ou licenza, nos mercados periódicos, poderán designar ata tres suplentes, cuxos datos persoais se farán constar na autorización, de forma que poidan colaborar cos titulares ou ben sustituilos en calquera circunstancia. Tales suplentes terán que cumprir as mesmas condicións que o titular da autorización e en especial ter recibido formación en materia de manipulador de alimentos.

Artigo 7.-CONTIDO DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

A autorización municipal de exercicio da venda no mercado de horta terá como mínimo o seguinte contido:

- a) Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización.
- b) Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización.
- c) Determinación do número de persoas habilitadas (titulares e suplentes) para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.
- f) Referencia á obrigaçión de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- g) Condicións particulares ás que, no seu caso, quede suxeito en titular da autorización.
- h) Período de vixencia da autorización.
- i) Número ou letra do posto de venda que lle corresponda ocupar segundo o anexo I.

Artigo 8.-SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO DE HORTA.

1. As solicitudes de autorización ou licenza para a participación no mercado de horta presentaranse no Rexistro Xeral no prazo fixado polo Concello mediante Resolución de Alcaldía que será publicada a lo menos no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo doutros medios de difusión para xeral coñecemento.

2. Ditas solicitudes formularanse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais conforme ao modelo que figura como anexo II da presente ordenanza, no que se especificará os seguintes datos:

a) Para as persoas físicas: nome, apelidos e documento nacional de identidade do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente, así como a identificación do domicilio que se sinala a efectos de notificacións.

b) Para as persoas xurídicas: nome, apelidos e documento nacional de identidade do representante legal, así como a identificación do domicilio que se sinala a efectos de notificacións, teléfono, fax, móbil e dirección de correo electrónico.

c) Para os cidadáns estranxeiros: nome, apelidos, documento nacional de identidade ou pasaporte e permiso de residencia e traballo que en cada caso sexan esixidos, así como a identificación do domicilio que se sinala a efectos de notificacións.

d) A identificación no seu caso das persoas que vaian colaborar no desenvolvemento da actividade en calidade de suplentes.

e) Os produtos que se ofrecerán en venda ó público.

f) Lugar, data e firma do solicitante.

3. Xunto coa solicitude referida, o solicitante presentará:

– Dúas fotografías de tamaño carné do titular e dos suplentes autorizados.

– Unha declaración responsable asinada polo titular e polos suplentes conforme ao modelo que figura como anexo III da presente ordenanza na que manifesten:

a) O cumprimento dos requisitos establecidos.

b) Estar en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.

c) Manter a súa asistencia alo menos durante O PRIMEIRO ANO do prazo de vixencia da autorización.

d) Se é o caso, estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios

e) Os procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigaçións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

f) Declaración expresa de que o solicitante coñece a normativa sectorial aplicable no termo municipal.

Artigo 9.-SORTEO.

1. As autorizacións, que serán concedidas pola Alcaldía, están suxeitas á comprobación polo Concello do cumprimento polo titular e suplentes dos requisitos esixidos por esta ordenanza e pola restante normativa de aplicación.

2. A concesión das autorizacións efectuarase segundo o resultado do sorteo público que terá lugar de forma bianual e cuxo resultado será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Bergondo sen prexuízo doutras formas de difusión.

3. Non se concederá máis dunha autorización ao nome dunha mesma persoa física ou xurídica.

4. Se unha vez realizado o sorteo público dous ou mais titulares de autorizacións estiveran conformes na permuta dos postos asignados, poderán solicitalo ao Concello mediante a presentación de escrito asinado por ambos, onde consten os

datos dos titulares de ambos postos, a identificación dos postos e a manifestación inequívoca da vontade de levar a cabo a permuta dos postos.

5. Se antes do prazo de 2 anos de vixencia do sorteo público de asignación do postos de venda, algún dos postos quedara vacante polos motivos que fosen, o Concello o porá en coñecemento dos restantes vendedores, dándolles un prazo de 10 días naturais para que poidan, se o estiman oportuno, solicitar a permuta dese posto vacante polo ocupado por eles. Se existise máis dunha solicitude asignarase mediante sorteo público.

En todo caso, o posto de venda que finalmente resulte vacante, será asignado mediante novo sorteo público, convocado ao efecto entre todos aqueles que estean interesados e que presenten a súa solicitude en prazo, seguindo o procedemento establecido no artigo 8.1 da presente ordenanza.

Esta resignación de postos de venda non afectará ao período de vixencia que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración, contado desde a data de realización do sorteo inicial de asignación de postos de venda.

6. Os vendedores aos que se lles asignase no sorteo público un posto, terán un prazo de 10 días seguintes á publicación do resultado do sorteo no taboleiro de anuncios do Concello para constituír a Fianza á que se refire o artigo 5 para responder dos posibles desperfectos.

Artigo 10.-REVOGACIÓN E EXTINCIÓN.

1. As autorizacións para participar no mercado de horta poderán ser revogadas polo Concello cando se considere conveniente en atención á desaparición das circunstancias que as motivaron, sen que isto dea lugar a indemnización ou compensación algunha agás, no seu caso, a devolución da cantidade establecida en concepto de fianza polo material entregado.

2. Son causas de revogación da autorización, previa audiencia do titular e resolución da Alcaldía, entre outras as seguintes:

a) Desaparición das circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou a aparición doutras que, de existir, xustificarian a súa denegación.

b) Concorrenza de causas de utilidade pública ou interese xeral, tales como a execución de obras ou reestruturación dos emprazamentos nos que se sitúe o mercado, ou por incompatibilidade sobrevida da instalación con outros servizos e obras que se estean executando na zona.

c) Por supresión do propio mercado de horta ou redución da súa capacidade que o faga antieconómico.

d) O incumprimento das condicións fixadas na autorización ou na presente ordenanza que dean lugar á súa revogación, previa tramitación do expediente administrativo, con audiencia ao interesado.

e) A non utilización do posto durante 3 días de mercado consecutivos ou 8 alternos nun ano, sen causa xustificada.

f) A reiterada falta de limpeza do posto e do seu entorno, unha vez finalizado o mercado.

g) A ocupación do posto por persoa non autorizada conforme ao disposto nesta ordenanza.

h) A non constitución ou non reposición da fianza para responder de posibles desperfectos no prazo de 10 días, contados desde a publicación do resultado do sorteo ou desde a execución da mesma polo Concello.

3. As autorizacións para a venda ambulante extinguiranse polas seguintes causas:

a) A finalización do período polo que se autoriza a venda.

b) Renuncia ou abandono do titular.

c) Por imposición de sanción moi grave prevista nesta ordenanza.

d) A morte do titular da autorización, podendo, neste caso, concederse unha nova polo tempo que quede ata completar o período autorizado aos suplentes indicados na solicitude

e) A extinción da personalidade xurídica da entidade ou sociedade titular da licenza, podendo neste caso concederse nova licenza, polo tempo que restase, a calquera dos socios integrantes da mesma, que deberá, en todo caso, reunir os requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante.

Artigo 11.-OBRIGAS DOS PARTICIPANTES.

Son obrigas dos titulares das licencias:

a) Presentar a solicitude para participar no sorteo publico de asignación de postos.

b) Depositar a fianza para responder dos desperfectos no material que se lles entregue, sen prexuízo da responsabilidade do mantemento en perfectas condicións

- c) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos autorizados.
- d) De utilizaren pesas ou medidas, telas debidamente homologados pola autoridade competente.
- e) Observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes.
- f) Cumprir cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- g) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condición de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán, o remate da xornada, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
- h) Reparar os desperfectos ocasionados na vía pública e instalación tanto durante o aproveitamento coma ao remate do mesmo.
- i) Ter exposto para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible os seus datos persoais, a autorización municipal e unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.
- j) Ter anunciado a existencia de follas de reclamación a disposición dos usuarios e facilitalas, de ser o caso, cando sexan solicitadas.
- k) Cumprir as demais disposicións desta ordenanza.

Artigo 12.-VIXIANCIA.

O Concello vixiará o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións, do preceptuado nas mesmas e especialmente das esixencias e condicións hixienico-sanitarias.

A Policía Local velará polo mantemento da orde e polo cumprimento do disposto nesta ordenanza e na restante normativa aplicable.

Artigo 13.-INFRACCIÓNS.

1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza orixinará a incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son faltas leves:

- a) O incumprimento das datas e dos horarios establecidos para a venda.
- b) Falta de ornato ou limpeza das instalacións de venda e da súa zona circundante.
- c) A non exhibición, durante o exercicio da actividade e en lugar perfectamente visible, da autorización municipal dispoñendo dela.
- d) A ocupación para a venda dunha superficie ou espazo maior que o autorizado.
- e) Colocar as mercadorías á venda no chan
- f) Non retirar o posto dentro do horario establecido.
- g) Producir ruídos, gritos, música ou empregar megafonía para anunciar a venda de produtos reclamando a atención do público.
- h) Causar aos usuarios ou aos outros vendedores molestias evitables, ou facelos obxecto de trato irrespectuoso ou indecoroso.
- j) Calquera outra acción ou omisión que constituía incumprimento dos preceptos desta ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

3. Son faltas graves:

- a) A reiteración por dúas veces nun ano en faltas leves.
- b) Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- c) A venda de produtos distintos dos autorizados ou procedentes de adquisicións a maioristas.
- d) A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.
- e) O exercicio da actividade por persoa distinta ás autorizadas ou os suplentes.
- f) A desobediencia ás normas de orde e indicacións da autoridade municipal e dos seus axentes.
- g) Carecer de follas de reclamacións ou a negativa a entregalas.

4. Son faltas moi graves:

- a) A reiteración por dúas veces nun ano en faltas graves.
- b) Incumprimento das disposicións sanitarias.
- c) A instalación de postos sen autorización.
- e) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes da mesma.
- f) A venda de artigos prohibidos pola ordenanza ou pola restante normativa, así como de produtos defectuosos que poidan entrañar riscos para a saúde ou para a seguridade dos consumidores.
- g) A transmisión da autorización sen previo coñecemento do Concello.
- h) A non utilización do posto durante 3 días de mercado consecutivos ou 8 alternos nun ano, sen causa xustificada.

Artigo 14.-SANCIONES.

1. As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de ata 200 euros.

As infraccións graves sancionaranse con multa de 201 a 500 euros.

As faltas moi graves sancionaranse con multas de 501 a 1.000 euros.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para vender no mercado de horta no caso de infraccións graves e moi graves.

2. Corresponde á Alcaldía a imposición das sancións previstas nesta ordenanza, previa a instrución do correspondente procedemento sancionador.

3. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa

indemnización polos danos e prexuízos causados nos bens mobles ou inmobles de dominio público ocupado.


4. A tramitación do procedemento sancionador se axustará, no non previsto na presente ordenanza, ao regulado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días seguintes, a contar desde a súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

Plano de situación e distribución dos diferentes postos de venda na Praza pública de Guísamo.



ANEXO II

Modelo de solicitude para participación no sorteo público de asignación de postos de venda no mercado de horta do Concello de Bergondo.

INTERESADO		
Nome e apelidos/razón social		
DNI/CIF		
Enderezo para os efectos de notificacións		
Código postal	Teléfono	
Municipio	Provincia	
Correo electrónico:	Fax	
REPRESENTANTE (cando proceda)		
Nome e apelidos/razón social		
DNI/CIF		
Enderezo para os efectos de notificacións		
Código Postal	Teléfono	
Municipio	Provincia	
Correo electrónico:	Fax	
<p>EXPOÑO:</p> <p>Que sendo coñecedor da Ordenanza Reguladora do mercado de horta de Bergondo, e cumprindo todos os requisitos SOLICITO:</p> <p>Participar no sorteo público para a asignación dun posto de venda no citado mercado para a venda dos seguintes produtos: _____</p> <p>_____</p> <p>Que designa como suplentes ou colaboradores a:(opcional).</p> <p>D/D.^a _____, con DNI _____</p> <p>D/D.^a _____, con DNI _____</p> <p>D/D.^a _____, con DNI _____</p> <p>Achegando a documentación marcada no reverso da presente solicitude.</p>		

Bergondo, _____ de _____ de 20 _____

Asinado.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante (titulares e suplentes).
- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto en orixinal ou copia compulsada (se procede).
- Dúas fotografías de tamaño carné do titular e no seu caso dos suplentes autorizados.
- Copia do seguro de responsabilidade civil e acreditación da vixencia do mesmo.
- Copia do carnet de manipulador de alimentos do titular e no seu caso dos suplentes designados.
- Declaración responsable segundo o modelo do Concello de Bergondo.

ANEXO III

Modelo de declaración responsable

D./D.^a _____, con DNI _____ en calidade de titular e:

D./D.^a _____, con DNI _____

D./D.^a _____, con DNI _____

D./D.^a _____, con DNI _____

Estes últimos en calidade de suplentes (opcinal).

Declaran baixo a súa propia responsabilidade:

- Que cumpren con todos os requisitos establecidos na normativa vixente, e que dispoñen da documentación que así o acredita e que se comprometen ao seu mantemento durante o exercicio da actividade.
- Que se comprometen a manter a súa asistencia ao mercado de horta do Concello de Bergondo a lo menos durante o PRIMEIRO ANO a contar desde a asignación do posto de venda.
- Que cumpre coa normativa vixente en materia de Seguridade Social, así como de seguridade e hixene no traballo.
- Que coñece e se compromete a cumprir tanto a Ordenanza municipal do mercado de horta do Concello de Bergondo, como a restante normativa sectorial aplicable á venda de produtos.

Bergondo, _____ de _____ de 20____

Asinado.

Titular

Suplentes

Bergondo, 11 de setembro de 2013.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2013/11367